

## EXERCICIOS ESTRUTURA E COMPOSICIÓN DA TERRA

### 1. Responde brevemente

1. Propagación da enerxía en forma de ondas electromagnéticas \_\_\_\_\_
2. Punto do interior da Terra no que se orixina un terremoto \_\_\_\_\_
3. Rocha que forma o manto \_\_\_\_\_
4. Composición máis abundante na codia oceánica \_\_\_\_\_
5. Capa da Terra comprendida entre as discontinuidades de Gutenberg e Mohorovicic \_\_\_\_\_
6. Capas da Terra separadas pola discontinuidade de Lehman \_\_\_\_\_
7. Calor interna da Terra que se disipa na súa superficie \_\_\_\_\_
8. Segundo o método gravimétrico, nas zonas de montaña prodúcense anomalías gravimétricas \_\_\_\_\_
9. Vibracións do terreo xeradas pola liberación brusca de enerxía acumulada nel \_\_\_\_\_
10. Aumento da temperatura ao afondar na Terra \_\_\_\_\_

### 2. Responde verdadeiro (V) ou falso (F)

- \_\_\_ 1. O manto é a capa da Terra que ten máis volume.
- \_\_\_ 2. O núcleo externo está en estado sólido e o interno en estado líquido debido as maiores temperaturas atopadas nel.
- \_\_\_ 3. A astenosfera é máis ríxida que a litosfera.
- \_\_\_ 4. A litosfera está formada pola codia e a parte superior do manto superior.
- \_\_\_ 5. Nas propagación das ondas S ou transversais as partículas vibran na mesma dirección de propagación das ondas.
- \_\_\_ 6. A codia oceánica é máis densa, homoxénea e grosa que a codia continental.
- \_\_\_ 7. As dorsais oceánicas son zonas de creación de novos fondos oceánicos.
- \_\_\_ 8. O valor do gradiente xeotérmico é menor no manto que na codia.
- \_\_\_ 9. Unha rocha que se fractura ten un comportamento fráxil, pero a certa profundidade, a presión e temperatura elevadas, o seu comportamento pode ser plástico.

### 3. Relaciona cada termo da columna da esquerda cun da columna do centro e outro da dereita e elabora con cada grupo de tres termos unha frase coherente subliñando os termos empregados.

1	Convección		Fluído		Ríxido
2	Litosfera		Velocidade		Campo magnético
3	Núcleo externo		Dinámico		Gabro
4	Descontinuidade sísmica		Calor		Densidade
5	Codia oceánica		Basalto		Dirección
6	Capa D		Penacho térmico		Corrente ascendente
7	Campo magnético		Correntes de convección		Núcleo externo
8	Paleomagnetismo		Inversión		Polaridade

4. O valor medio do gradiente xeotérmico é duns  $30\text{ }^{\circ}\text{C} / \text{Km}$ .

a) Nalgunhas zonas de augas termais de Ourense medíronse valores de ata  $11\text{ }^{\circ}\text{C}/100\text{ m}$ .  
A que profundidade se transformará a auga líquida en vapor?

b) No centro das dorsais, a uns 2 km de profundidade acádanse temperaturas de  $1000\text{ }^{\circ}\text{C}$ . Cal é o valor do gradiente xeotérmico nesa zona?

5. a) Que son as ondas sísmicas? Que diferencias hai entre as onda P e as S?

b) Xapón dispón dun sistema denominado *alerta temprana de terremoto* que de forma automática avisa á poboación a través da televisión, da radio e dos móbiles, dun evento sísmico importante entre 30 segundos e un minuto antes de que suceda. Axudándote do sismograma explica en que se basea dito sistema.

